

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O  
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A COMISIÓN EUROPEA, SOBRE O  
PROCEDEMENTO DE ACCESO Á PRESTACIÓN DE ASISTENCIA  
SANITARIA DO PERSOAL AFILIADO AO RÉXIME COMÚN DE SEGURO DE  
ENFERMIDADE (RCAM) DA COMISIÓN EUROPEA QUE OPTE POR  
RECIBILA A TRAVÉS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Comisión Europea subscribiron con data 15/10/21 un convenio que ten por obxecto posibilitar o acceso á atención sanitaria, a través do Sistema Público de Saúde de Galicia, aos afiliados e beneficiarios activos ou pensionistas do RCAM con cobertura primaria e que residan en calquera dos municipios de Galicia, sempre que así o soliciten, nas condicións e cos límites establecidos no convenio.

O obxecto do acordo é dar continuidade ao compromiso adquirido polas partes desde o 1/2/2012 para posibilitar o acceso á atención sanitaria, a través do Sistema Público de Saúde de Galicia aos afiliados e beneficiarios do RCAM (xestionado directamente pola Comisión Europea) en Galicia, para axustalo ás previsións contidas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e, máis concretamente, a súa Disposición adicional oitava, en relación aos convenios con prórroga tácita.

O convenio asinado queda excluído de ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, na súa versión actualizada en virtude do Real Decreto-lei 14/2019, de 31 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes por razóns de seguridade pública en materia de administración dixital, contratación do sector público e telecomunicacións, conforme ao establecido nos artigos 4 e seguintes da citada norma, rexéndose na súa interpretación e desenvolvemento polo contido das súas estipulacións.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustifico o recurso ao instrumento convencional indicado, con exclusión doutras figuras.

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada.